




E-Dixgal. Actividades H5P

# 1. Introducción

As actividades H5P constitúen un recurso moi interesante nunha aula virtual. Son un conxunto de actividades que nos posibilitan facer un repaso ou unha avaliación dos conceptos clave dunha unidade didáctica. Moitas delas son lúdicas.

Para editar as actividades H5P, podemos empregar un software externo como o Lumi, ou o propio banco de contidos das actividades H5P da propia plataforma Moodle.

Para descargar o software Lumi dirixímonos á súa páxina web premendo da seguinte ligazón: <https://lumi.education/#download>. No caso do sistema operativo gnu/Linux, podemos instalar un executable Applmage e non precisaremos instalalo, un paquete deb se empregamos unha distribución da familia Debian, como é o caso da maqueta Abalar. Pode resultar interesante que sexan os propios alumnos os que creen un banco de preguntas dunha unidade didáctica, pois pódennlle servir para autoavaliarse. Para isto terán que empregar o Lumi.




No caso de preferir empregar a versión online, que está integrada no propio Moodle de Edixgal, teremos que seguir estes pasos:

1. Activar edición



2. Engadir unha actividade ou recurso




3. Clic en Actividade de H5P



4. Clic en usar o banco de contido

Usar o [banco de contido](#) (abre en unha nova ventá) para xestionar os seus arquivos H5P

5. No banco de contido, clic en engadir




6. Escollemos o tipo de actividade que nos interese

- Contido interactivo H5P
- [Accordion](#)
  - [Advent Calendar \(beta\)](#)
  - [Agamotto](#)
  - [appear.in for Chat and Talk](#)

## 2. Cuestionario de resposta única

No caso de empregar o banco de recursos H5P da aula virtual, e centrándonos nas pregunta tipo test de opción única, seguiríamos os seguintes pasos:

1. Creamos o cuestionario no banco de recursos

 [Single Choice Set](#)

- Introducimos as preguntas e as respostas, tendo claro que a primeira delas é a resposta correcta. Aos alumnos aparecerá as preguntas ordenadas aleatoriamente.

Pregunta \*

Cal é a capital de Portugal?

Alternativas - a primeira alternativa é a correcta. \*

Alternativa

Lisboa

Alternativa

Porto

Alternativa

Braga

- Podemos engadir as preguntas que desexemos
- Sen embargo este tipo de preguntas non permite inserir ecuacións matemáticas ou imaxes.
- Unha vez que gardemos as preguntas visualizaranse do seguinte xeito

Que río pasa por Praga? edigital 3.0.0 - e11s

Tâmesis

Danubio


Moldava

- Como podemos observar, o sistema corrixe de forma automática as preguntas con sinais gráficas e sonoras

2. Unha vez creado o cuestionario, se pinchamos novamente en Engadir unha actividade ou un recurso

 [Engadir unha actividade ou un recurso](#)

**Avaliación H5P**




Para avaliar o as entregas dos alumnos, o docente ten que acceder ao apartado de Cualificacións e procurar a tarefa.


3. Clic en Actividades H5P



4. Inserimos o nome da actividade, por exemplo "Países e capitales"



5. En paquetes de arquivos pinchamos en Engadir



6. Clic en Content bank e escollemos o paquete que acabamos de crear



**H5P nunha páxina**

Se desexamos inserir unha actividade H5P dentro dunha páxina ou etiqueta, pero coa intención de avaliála, teremos que crear a actividade nunha sección do curso, ocultala e facela dispoñible e finalmente desde a páxina crear unha ligazón á actividade.

7. Clic en Seleccionar este ficheiro

8. Pero ademais debemos configurar as opcións H5P, a puntuación máxima no apartado de Cualificación, asignalo á categoría desexada na avaliación, as opcións de intento, e o completado da actividade, se o desexamos.



9. E para rematar, Gardar e presentar. E queda do seguinte xeito na aula virtual:

**TEMA 4**

Países e capitales

10. No caso que empreguemos o editor offline Lumi, o proceso é similar, agás que teremos que gardar o traballo feito no Lumi. Vémolo no seguinte punto.

### 3. Edición dunha sopa de letas con Lumi

Unha actividade interesante é a sopa de letras. Serve para repasar o vocabulario clave da unidade didáctica e dunha maneira lúdica.

1. Como sempre, accedemos ao banco de contidos h5p da plataforma Moodle, ou ben abrimos o software Lumi
2. Neste caso vexamos como se faría coa aplicación Lumi



3. Clic en crear novo H5P




4. Procuramos o tipo de contido "Encuentra as palabras (Find the words)"




5. Clic en "Obtener" e seguidamente clic en "Instalar". Unha vez remate o proceso, aparece un botón coa lenda "Usar"




6. Inserimos un título: "As Rochas"
7. E en Task description escribimos o enunciado: "Atopa os tipos de rocha na sopa de letras"



8. Engadimos as palabras a procurar na sopa de letas. Por exemplo o vocabulario relativo aos tipos de rochas: igneas, sedimentarias, metamórficas, calizas, granito, basalto, pómez, pizarra, esquistos




- Se pinchamos na lapela vista, podemos obter unha previsualización da sopa de letras




- Finalmente prememos en Archivo > Gardar como
- Unha vez gardado, dirixímonos ao Moodle e engadimos unha actividade ou recurso



- Escollemos unha actividade H5P
- Inserimos un nome: "Sopa de letras"
- E subimos o ficheiro



- Como sempre axustamos a as opcións de cualificación e de completado da actividade e prememos en Gardar e presentar




#### 4. Gravadora de audio. Avaliación

Unha ferramenta moi útil de H5P é a gravadora de audio. Con esta actividade os alumnos poden facer un "speaking" na materia de Lin-


gua estranxeira,ou unha explicación oral dun traballo,dunha unidade didáctica, etc




1. Inserimos o título e descrición da tarefa




2. Obtemos unha previsualización da actividade. Clic en Pechar e automaticamente o sistema abre o fiestra do banco de contidos, onde aparecerá esta actividade xunto coas que xa teñamos creada




3. Saímos do curso e dirixímonos ao curso, e clic en Engadir unha actividade ou recurso
4. Clic en Actividade H5P
5. Clic na icona para engadir ficheiros
6. No apartado de Content bank, atoparemos a actividade




7. Seleccionamola, engadimos un título á actividade e configuramos a cualificación e completado de actividade e clic finalmente en Gardar e presentar



8. Accedemos coas credenciales dun alumno e gravamos a voz



9. Unha vez feita, os alumnos poden descargar as súas gravacións




10. Sen embargo se o docente quere avaliar a actividade, non pode acceder á gravación do alumno. Aínda que acceda ás cualificacións, aparecerá baleiro.




11. Para solucionar este problema, o docente terá que crear unha tarefa e desde alí inserir a actividade H5P. Fagámolo paso a paso:


- a) Activar a edición >Engadir actividade ou recurso
- b) Clic na actividade Tarefa



- c) Introducimos o nome da tarefa e na descrición engadimos unhas pequenas instrucións.
- d) E clic na icona de H5P e procuramos no banco de recursos a actividade xa creada de gravación




- e) Examinamos os repositorios e no apartado Content Bank, atopamos a tarefa. Seleccionámola
- f) Clic en Inserir H5P







g) Os alumnos grávanse e posteriormente suben o fichero da gravación en "Engadir entrega"



h) Clic en Gardar os cambios



i) E se o docente accede á tarefa, pode analizar o fichero entregado polo alumno e proceder á súa avaliación. Para isto pincha en Ver/Cualificar todas as entregas



j) O docente pode descargar o fichero e avalialo pinchando en cualificación

Resumen del libro "Nunca seré tu héroe"

Acción sobre as cualificacións

Nome

Apellido

Seleccionar	Imaxe do usuario	Nome / Apellido	Centro educativo	Estado	Cualificación	Editor	Última modificación (entrega)	Entregas de ficheiros
<input type="checkbox"/>		Alumnos_chy/miriam082_01 (Compañía)	100450082	Entregado para cualificacións	Cualificación	Editar	Mércores 15 de Decembro de 2021, 12:01	libro-de-lectura.wav